



BASES PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DE EMPREGO “CAMIÑO DE SANTIAGO MANCOMUNIDADE DE VERÍN” SUBVENCIONADO POLA DA ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2020 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCÍONS PARA OS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

PRIMEIRA. Obxecto

Estas bases teñen como finalidade determinar o sistema de selección, procedemento, requisitos e baremos que serán de aplicación como normas do procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro de Emprego “CAMIÑO DE SANTIAGO MANCOMUNIDADE DE VERÍN” de conformidade co previsto nos artigos 10 e 12 da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na regulación deste procedemento de selección tense en conta ademais o establecido na Circular número 06/2021, de data do 15/06/2021, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, sobre Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos Programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

Segundo o establecido nas instrucións, a entidade promotora seleccionará ao persoal docente, directivo e de apoio a través de convocatoria pública.

Estas bases deberán ser remitidas á xefatura territorial correspondente e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín





(www.mancoverin.es).

SEGUNDA. Prazas convocadas e funcións dos postos de traballo.

- **Director (1 praza):**

- a) Superior dirección do persoal e do alumnado-traballador, con especial atención á consecución dun clima laboral axeitado e a satisfacción no traballo das persoas participantes no proxecto.
- b) Poñer en coñecemento do persoal e o alumnado o Regulamento de réxime interno aprobado pola entidade promotora, así como aplicar as medidas previstas no mesmo.
- c) Elaboración, organización e seguimento do plan xeral das actuacións de maneira que o proxecto formativo sexa executado na súa totalidade.
- d) Elaboración da planificación didáctica, de seguimento e de avaliación do proxecto. A estes efectos, requirirá a cada docente a planificación relativa ao seu módulo. Contemplará medidas correctoras a por en práctica, de ser o caso.
- e) Velar pola aplicación e cumprimento da normativa de seguridade e saúde laboral prevista tanto no estudo de seguridade e saúde específico do obradoiro, como no/s certificado/s de profesionalidade que se impartan, tanto por parte do persoal como do alumnado...
- f) Xestionar os recursos materiais e didácticos necesarios para a execución do proxecto laboral e formativo.
- g) Coordinación de actuación coa entidade promotora e coa Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade en Ourense, a través do Servizo de Formación e Colocación, proporcionándolle a información necesaria para o seguimento e control das actuacións e para a avaliación dos resultados cuantitativos e cualitativos do proxecto.
- h) Impartir a docencia nos supostos de ausencia, vacante e enfermidade do persoal docente do obradoiro. En todo caso, cando as características do proxecto e/ou as actuacións que o requiran.





- i) Realizar actividades de divulgación, difusión, promoción e integración social do proxecto no contorno, favorecendo a participación de expertos, empresariado emprendedor, realizando visitas didácticas, etc., sen prexuízo do cumprimento do itinerario formativo.
 - j) Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto e en relación con el, lle se sexan encomendadas pola entidade promotora con coñecemento da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade.
- **Persoal administrativo ou de apoio (1 praza):**
 - a) De apoio a dirección, e ao equipo docente na elaboración e tramitación de documentos, actas, rexistros e correspondencia.
 - b) A xestión administrativa do Obradoiro de emprego na súa relación coa Consellería de Emprego e Igualdade en Ourense e coa Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín.
 - c) Tarefas de oficina, administración, informática, xestión de persoal e contabilidade, baixo a supervisión e responsabilidade da dirección do obradoiro.
 - d) De control e organización dos taboleiros de anuncios, actualizacións de inventarios, e do mantemento dos medios ofimáticos de administración (ordenador, fotocopiadora, etc.).
 - e) Reflectir na documentación unha linguaxe non sexista, así como tamén de igualdade de xénero e de respecto ao medio ambiente.
 - f) A construción do expediente administrativo do obradoiro, mantendo a documentación custodiada de xeito seguro.
 - g) Aquelas outras que, con carácter xeral e dentro da súa categoría profesional, lle encomende a dirección do proxecto.

- **Persoal docente (3 prazas):**

- **Docente de “Colocación de Pedra Natural”. (1 praza).**
- **Docente de “Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería”. (1 praza).**
- **Docente de educación básica. (1 praza)**
- a) Elaborar a planificación didáctica e a planificación das avaliacións que





correspondan, seguindo os criterios fixados no itinerario formativo, no certificado de profesionalidade, ou no programa específico no suposto de educación básica.

- b) Elaborar e deseñar a metodoloxía didáctica a empregar na docencia do seu módulo.
- c) Determinar de acordo coa dirección do obradoiro a implementación do itinerario formativo nas actuacións previstas pola Mancomunidade de Verín, establecendo, de ser o caso, as medidas alternativas a adoptar para o total cumprimento do itinerario formativo.
- d) Relación do control, seguimento e avaliación sistemático, permanente e individualizado da evolución do alumnado do seu módulo na adquisición de formación a través da experiencia laboral.
- e) Controlar e exixir o cumprimento das medidas de seguridade e saúde previstas no estudo propio do obradoiro e no certificado de profesionalidade.
- f) Contribuír a fomentar e motivar ao alumnado a acadar un clima laboral axeitado aos obxectivos do proxecto.
- g) Aplicar na docencia principios de equidade de trato e os principios transversais de igualdade de xénero e respecto ao medio ambiente.
- h) Executar o proxecto formativo en conexión coa dirección do proxecto, planificando as actuacións e a docencia en relación co resto de docentes do proxecto.
- i) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- j) Responsabilizarse do bo uso da ferramenta, útiles e maquinaria por parte do alumnado.
- k) Calquera outra que derive da súa actividade docente e aquelas que poda encomendarlle o director do proxecto.

TERCEIRA. Requisitos das persoas candidatas:

1. Requisitos xerais dos candidatos:

- Ter dezaoto ou máis anos de idade.





- Estar desempregadas ou en situación de mellora de emprego, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desenvolvemento das correspondentes funcións.
- Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.
- Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data de inicio do proxecto.

2. Requisitos mínimos de acceso ao proceso de selección do posto de director/a:

- Titulación: Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grao correspondente; diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou título de grao correspondente.
- Experiencia directiva en escolas obradoiros, casas de oficios ou obradoiros de emprego de 12 meses ou experiencia profesional directiva por conta allea ou propia de 12 meses. En defecto de persoas que reúnan a antedita experiencia, o requisito mínimo será a experiencia profesional directiva por conta allea ou propia de 6 meses.

3. Requisitos mínimos de acceso ao proceso de selección do posto de administrativo:

- Titulación: FP II Rama Administrativa ou equivalente; Titulado de Ciclo Superior ou equivalente na familia de Administración; Diplomatura/grao en





Empresariais; Diplomatura/grao en Relacións Laborais ou equivalente.

- Experiencia como técnico administrativo en escolas obradoiros, casas de oficios ou obradoiros de emprego de 12 meses ou experiencia profesional de 12 meses en dita categoría e realizando as funcións previstas para este posto en entidades públicas ou privadas.

4. Requisitos de acceso ao proceso de selección do posto de docente de “Colocación de Pedra Natural”:

- Licenciado, enxeñeiro, arquitecto, título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes. Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, título de grao correspondente ou títulos equivalentes. Técnicos e técnicos superiores da familia profesional de Industrias extractivas ou da familia profesional de Edificación e Obra Civil. Certificados de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Pedra Natural da familia profesional de Industrias extractivas ou Certificados de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Albanelería e Acabados da familia profesional de Edificación e Obra Civil ou experiencia como oficial de primeira ou encargado de obra con experiencia mínima de tres anos con acreditación en Prevención de Riscos Laborais.

Os candidatos con dita titulación deberán acreditar **1 ano de experiencia** profesional por cada UNIDADE DE COMPETENCIA do certificado de profesionalidade IEXD0409 COLOCACIÓN DE PEDRA NATURAL (R.D. 1956/2009, de 18 de diciembre), se **non tivesen dita titulación**, deberán acreditar una **experiencia mínima de tres anos** por cada UNIDADE DE COMPETENCIA do certificado de profesionalidade, sendo ademais **imprescindible o requisito de acreditación en Prevención de Riscos Laborais**.

Acreditar competencia docente mediante Certificado de profesionalidade de formador/a ocupacional ou de docencia de formación profesional para o emprego (RD 34/2008, de 18 de xaneiro e RD 189/2013, de 15 de marzo). Poderán acreditar tamén a competencia docente requirida con Licenciatura/diplomatura en pedagogía, psicopedagogía ou mestre/a (ou título





de grao no ámbito da psicoloxía ou da pedagogía ou postgrao neses ámbitos), Título de especialización didáctica expedida polo Ministerio de Educación e Ciencia ou equivalente ou experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo. En caso de que non houbera candidatos coa antedita experiencia, poderá prescindirse deste requisito.

5. Requisitos de acceso ao proceso de selección do posto de docente de “Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería”:

- Titulacións: Enxeñeiro agrónomo ou enxeñeiro de montes, licenciado en bioloxía, enxeñeiro técnico agrícola ou forestal, técnico superior en xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos, técnicos en xardineiría, certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional agraria e da área profesional de xardineiría.

Os candidatos con dita titulación deberán acreditar **1 ano de experiencia** profesional por cada UNIDADE DE COMPETENCIA do certificado de profesionalidade AGAO0108 ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA (RD 1228/2006, de 27 de outubro de 2006, BOE de 3 de enero de 2007). Se os candidatos non tivesen dita titulación, deberán acreditar unha experiencia mínima de tres anos por cada UNIDADE DE COMPETENCIA do certificado de profesionalidade.

- Acreditar competencia docente mediante Certificado de profesionalidade de formador/a ocupacional ou de docencia de formación profesional para o emprego (RD 34/2008, de 18 de xaneiro e RD 189/2013, de 15 de marzo). Poderán acreditar tamén a competencia docente requirida con Licenciatura/diplomatura en pedagogía, psicopedagogía ou mestre/a (ou título de grao no ámbito da psicoloxía ou da pedagogía ou postgrao neses ámbitos), Título de especialización didáctica expedida polo Ministerio de Educación e Ciencia ou equivalente ou experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo. En caso de que non houbera candidatos coa antedita experiencia, poderá prescindirse deste requisito.





6. Requisitos de acceso ao proceso de selección do posto de docente de básica.

- Titulación: Graduado que habilite para o exercicio da profesión regulada de mestre en Educación Primaria, mestres que estean en posesión do título universitario oficial de mestre en calquera das súas especialidades, diplomados en Profesorado de Educación Xeral Básica en calquera das súas especialidades, ou Mestres de Primeira Ensinanza.
- Acreditar competencia docente mediante Certificado de profesionalidade de formador/a ocupacional ou de docencia de formación profesional para o emprego (RD 34/2008, de 18 de xaneiro e RD 189/2013, de 15 de marzo). Poderán acreditar tamén a competencia docente requirida con Licenciatura/diplomatura en pedagogía, psicopedagogía ou mestre/a (ou título de grao no ámbito da psicoloxía ou da pedagogía ou postgrao neses ámbitos), Título de especialización didáctica expedida polo Ministerio de Educación e Ciencia ou equivalente ou experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo. En caso de que non houbera candidatos coa antedita experiencia, poderá prescindirse deste requisito.
- Acreditar unha experiencia profesional de 12 meses en ocupacións relacionadas coa especialidade programada.

En todo caso, as persoas aspirantes deberán posuír os requisitos xerais e mínimos ou estar en condicións de obtelos na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

CUARTA. Procedemento de selección.

Para ser admitido ao proceso selectivo, as persoas interesadas deberán presentar as súas solicitudes normalizadas dirixidas a Mancomunidade de municipios da comarca de Verín no rexistro xeral da citada entidade, preferentemente a través da súa Sede electrónica, xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos específicos recollidos nestas bases e a documentación precisa para a valoración dos méritos.





O prazo de presentación da solicitude ao proceso selectivo é de tres días hábiles, contados a partir da publicación das presentes bases nos taboleiros de anuncios dos concellos e na páxina web da Mancomunidade de municipios da comarca de Verín (www.mancoverin.es).

Unha vez rematado dito prazo, a Mancomunidade de municipios da comarca de Verín publicará a listaxe de persoas admitidas e excluídas para cada un dos postos e darase un día hábil para presentar alegacións, contando a partir da data de publicación da listaxe no Taboleiro de anuncios da Mancomunidade de municipios da comarca de Verín e na web www.mancoverin.es. No caso de non presentarse reclamacións á lista provisional considerarase definitiva. No suposto de existir reclamacións, éstas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución do Sr. Presidente pola que se aprobe a lista definitiva dos admitidos e excluídos, e se fará pública na mesma forma exposta con anterioridade.

QUINTA. Convocatoria das probas e fases do proceso selectivo.

Unha vez se teña a listaxe definitiva da persoas admitidas, procederase a fixar o calendario das probas de selección, que se publicará no taboleiro da Mancomunidade de municipios da comarca de Verín e na web www.mancoverin.es.

Todas as persoas candidatas, deberán achegar un correo electrónico e un número de teléfono móbil ao que se poidan enviar comunicacións necesarias, se procede.

As persoas que non se presenten ás distintas fases do proceso, quedarán excluídas.

- Fases do proceso selectivo:
- Realización da entrevista persoal. Valórase ata 4,00 puntos.

Ten como finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, non será eliminatoria. Faranse públicas as puntuacións no taboleiro de anuncios do Mancomunidade de municipios da comarca de Verín e na web www.mancoverin.es.





- Aplicación do baremo do proceso de selección.

Logo de realizar a entrevista persoal e a proba de coñecementos, procederase a valorar os méritos achegados polos candidatos, que se xustificarán mediante a achega de documentos orixinais ou copias compulsadas. Faranse públicas as puntuacións no taboleiro de anuncios do Mancomunidade de municipios da comarca de Verín e na web www.mancoverin.es.

- Proba de coñecementos.

Realizarase unha proba de aptitude e/ou coñecementos coa finalidade de avaliar as destrezas profesionais das persoas candidatas e a súa adecuación ao posto de traballo ofertado. Faranse públicas as puntuacións no taboleiro de anuncios do Mancomunidade de municipios da comarca de Verín e na web www.mancoverin.es. Ésta fase non é eliminatória, pero quedarán excluídas do proceso as persoas que non se presenten. Consistirá nunha proba escrita cunha duración de 45 minutos que incluírá preguntas test e preguntas cortas e que versará sobre as funcións do posto e os temas que figuran nos anexos.

No caso de empates, os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son os que se recollen na circular núm. 6/2021, por orde prelación, que son os seguintes:

1. O maior tempo acreditado como desempregado.
2. A puntuación acadada na proba de coñecementos.
3. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
4. A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
5. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
6. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
7. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
8. O de maior idade.

SEXTA.- Constitución, composición e funcións do tribunal selectivo





1. Constituirase un tribunal de selección que estará formado por seis membros, integrado por un presidente, catro vogais e asistidos por un secretario que actuará con voz pero sen voto.
2. Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionarios de carreira ou persoal laboral de calquera administración pública.
3. Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición, de conformidade co establecido no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.
4. O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.
5. O tribunal non poderá constituírse nin actuar validamente, sen asistencia do presidente e secretario/a e como mínimo un vogal, titular ou suplente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos asistentes.
6. O réxime xurídico aplicable ao tribunal de selección será o que se establece para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
7. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que efectuase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas nas leis.

SÉTIMA. Resolución do proceso selectivo e contratacións.

1. De acordo coa relación elaborada polo tribunal de selección, elevarase ó presidente, ademáis da acta da sesión, a devandita proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados. O presidente nomeará ós aspirantes seleccionados, e efectuarase a formalización do correspondente contrato laboral.
2. En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.
3. Cos aspirantes que superasen as probas farase unha listaxe por orde de





puntuación que no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade a finalización do servizo, substituirase polo traballador seguinte na lista.

4. Para efectuar esta proposta, o tribunal de selección poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

OITAVA. Baremos do proceso selectivo.

8.1. Posto de Director:

8.1.1. Realización da entrevista persoal. Valórase ata 4,00 puntos.

Ten como finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. non será eliminatoria. Faranse públicas as puntuacións no taboleiro de anuncios da Mancomunidade de municipios da comarca de Verin e na web www.mancoverin.es.

8.1.2. Valoración de méritos. Valórase ata 10,00 puntos.

8.1.2.1. Titulación académica (con máximo de 1,00 punto).

- Licenciatura/ Grao universitario ou equivalente: 1,00 punto (valorarase estar en posesión dunha titulación académica oficial distinta á mínima esixida para participar no proceso selectivo e sempre que sexa complementaria ou relacionada coas funcións a desenvolver no posto convocado. Consecuentemente, a titulación mínima unicamente se terá en consideración para determinar a admisión ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior).

8.1.2.2. Outras titulacións (con máximo de 1,00 punto).

1. Outras titulacións e formacións relacionadas có posto ofertado (máximo 1,00 punto):
 - Máster ata 500 horas: 0,40 puntos; máis de 500 horas: 0,50 puntos
 - Posgrao ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,40 puntos





- Doutorado; 1,00 punto
- Outra titulación universitaria: 0,50 puntos.

8.1.2.3. Experiencia profesional (máximo 5,00 puntos).

- a) Experiencia en funcións directivas, en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego: 0,10 puntos por cada mes completo de traballo ata un máximo de 3,00 puntos.
- b) Experiencia en funcións directivas ou docentes relacionadas coa especialidade convocada en empresas ou entidades públicas ou privadas por conta allea ou propia: 0,10 puntos por cada mes completo de traballo ata un máximo de 2,00 puntos.

8.1.2.4. Formación complementaria (máximo 2,00 puntos).

En todo caso, a formación deberá estar relacionada coas funcións que se vaian desempeñar e só se valorará a que teña unha duración igual ou superior a vinte horas lectivas. Na documentación acreditativa deberán figurar os contidos e a súa duración en horas, en caso contrario, non será obxecto de valoración. Se se acreditasen dous ou máis cursos sobre a mesma materia, soamente se computará o de nivel superior.

- De 20 a 59 horas lectivas: 0,10 puntos
- De 60 a 99 horas lectivas: 0,20 puntos.
- De 100 a 300 horas lectivas: 0,30 puntos
- De máis de 300 horas lectivas: 0,40 puntos.

A formación completa en metodoloxía didáctica, aptitude pedagóxica, formador de formadores, formador ocupacional, docencia de formación profesional para o emprego, coa acreditación expedida polo organismo oficial correspondente: 0,40 puntos,

8.1.2.5. Coñecementos do idioma galego (ata 1,00 punto).

- Celga 4: 1,00 puntos.
- Celga 3: 0,75 puntos.
- Celga 2: 0,50 puntos.





- Celga 1: 0,25 puntos.

8.1.3. Proba de coñecementos, con preguntas test e preguntas curtas. Valórase ata 12,00 puntos.

Duración: 45 minutos.

Servirá para valorar os coñecementos para desempeñar o posto e abordará as seguintes temáticas:

1. Funcionamento dos programas de emprego.
2. Lexislación relacionada có funcionamento dos programas de emprego.
3. Organización de recursos humanos.
4. Desenvolvemento de proxectos. Seguimento e avaliación de proxectos e programas.
5. O Servizo Público de Emprego en Galicia.
6. Os Certificados de profesionalidade.
7. Contexto socioeconómico dos concellos da Mancomunidade de municipios da comarca de Verín.
8. Servizos e recursos relacionados có emprego e a promoción económica nos concellos da Mancomunidade de municipios da Comarca de Verín.
9. Ofimática (tratamento de textos, follas de cálculo, bases de datos).
10. A protección de datos persoais.

8.1.4. Proba de coñecementos de galego: Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten, antes da súa realización, estar en posesión do título Celga 4 ou equivalente. Éste exercicio será cualificado de apto ou non apto, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.

8.2. Posto de Administrativo:

8.2.1. Realización da entrevista persoal. Valórase ata 4,00 puntos.

Ten como finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. non será





eliminatória. Faranse públicas as puntuacións no taboleiro de anuncios da Mancomunidade de municipios da comarca de Verín e na web www.mancoverin.es.

8.2.2. Valoración de méritos. Valórase ata 10,00 puntos.

8.2.2.1. Titulación académica (con máximo de 1,00 punto).

Valorarase estar en posesión dunha titulación académica oficial distinta á mínima esixida para participar no proceso selectivo e sempre que sexa complementaria ou relacionada coas funcións a desenvolver no posto convocado. Consecuentemente, a titulación mínima unicamente se terá en consideración para determinar a admisión ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior.)

- Licenciatura: 1,00 punto.
- Diplomatura: 0,50 puntos.

8.2.2.2. Outras titulacións (con máximo de 1,00 punto).

- Máster ata 500 horas: 0,50 puntos; máis de 500 horas: 1,00 punto.

8.2.2.3. Experiencia profesional (máximo 5,00 puntos).

- a) Experiencia en funcións técnico-administrativas, en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego: 0,10 puntos por cada mes completo de traballo ata un máximo de 3,00 puntos.
- b) Experiencia en funcións técnico-administrativas relacionadas coa especialidade convocada en empresas ou entidades públicas ou privadas por conta allea ou propia: 0,10 puntos por cada mes ata un máximo de 2,00 puntos.

8.2.2.4. Formación complementaria (máximo 2,00 puntos).

En todo caso, a formación deberá estar relacionada coas funcións que se vaian desempeñar e só se valorará a que teña unha duración igual ou superior a vinte horas lectivas. Na documentación acreditativa deberán figurar os contidos e a súa duración en horas, en caso contrario, non será obxecto de valoración. Se se acreditasen dous ou máis cursos sobre a mesma materia, soamente se computará o de nivel superior.





- De 20 a 59 horas lectivas: 0,10 puntos
- De 60 a 99 horas lectivas: 0,20 puntos.
- De 100 a 300 horas lectivas: 0,30 puntos
- De máis de 300 horas lectivas: 0,40 puntos.

A formación completa en metodoloxía didáctica, aptitude pedagóxica, formador de formadores, formador ocupacional, docencia de formación profesional para o emprego, coa acreditación expedida polo organismo oficial correspondente: 0,40 puntos,

8.2.2.5. Coñecementos do idioma galego (ata 1,00 punto).

- Celga 4: 1,00 puntos.
- Celga 3: 0,75 puntos.
- Celga 2: 0,50 puntos.
- Celga 1: 0,25 puntos.

8.2.3. Proba de coñecementos, con preguntas test e preguntas curtas. Valórase ata 12,00 puntos.

Duración: 45 minutos.

Servirá para valorar os coñecementos para desempeñar o posto e abordará as seguintes temáticas:

1. Funcionamento dos programas de emprego.
2. Lexislación relacionada có funcionamento dos programas de emprego.
3. A Lei de contratos do Sector Público: Procedemento de adxudicación. O expediente de contratación.
4. Principais elementos e conceptos dun equipo informático. Principais aplicacións utilizadas polo persoal da administración: Procesador de texto, folla de cálculo, base de datos. Outras aplicacións.
5. A protección de datos persoais.

8.2.4. Proba de coñecementos de galego: Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten, antes da súa





realización, estar en posesión do título Celga 4 ou equivalente. Éste exercicio será cualificado de apto ou non apto, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.

8.3. Posto de Docentes de Colocación de Pedra e Xardineiría :

8.3.1. Realización da entrevista persoal. Valórase ata 4,00 puntos.

Ten como finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Non será eliminatoria. Faranse públicas as puntuacións no taboleiro de anuncios da Mancomunidade de municipios da comarca de Verín e na web www.mancoverin.es.

8.3.2. Valoración de méritos. Valórase ata 10,00 puntos.

8.3.2.1. Titulación académica (con máximo de 1,50 puntos).

Valorarase estar en posesión dunha titulación académica oficial distinta á mínima esixida para participar no proceso selectivo e sempre que sexa complementaria ou relacionada coas funcións a desenvolver no posto convocado. Consecuentemente, a titulación mínima unicamente se terá en consideración para determinar a admisión ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior.

- Licenciatura/ Grao universitario ou equivalente: 1,50 puntos
- Diplomatura ou equivalente: 1,00 punto.
- Ciclo superior ou FP II: 0,50 puntos.
- Ciclo medio ou FP I: 0,25 puntos.

8.3.2.2. Outras titulacións (con máximo de 0,50 puntos).

- Máster ata 500 horas: 0,25 puntos; máis de 500 horas: 0,50 puntos.

8.3.2.3. Experiencia profesional (máximo 5,00 puntos).

- a) Experiencia en funcións docentes, en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego nos últimos cinco anos: 0,10 puntos por cada mes completo de traballo ata un máximo de 3,00 puntos.
- b) Experiencia en funcións directivas ou docentes relacionadas coa





especialidade convocada en empresas ou entidades públicas ou privadas por conta allea ou propia: 0,10 puntos por cada mes completo de traballo ata un máximo de 2,00 puntos.

8.3.2.4. Formación complementaria (máximo 2,00 puntos).

En todo caso, a formación deberá estar relacionada coas funcións que se vaian desempeñar e só se valorará a que teña unha duración igual ou superior a vinte horas lectivas. Na documentación acreditativa deberán figurar os contidos e a súa duración en horas, en caso contrario, non será obxecto de valoración. Se se acreditasen dous ou máis cursos sobre a mesma materia, soamente se computará o de nivel superior.

- De 20 a 59 horas lectivas: 0,10 puntos
- De 60 a 99 horas lectivas: 0,20 puntos.
- De 100 a 300 horas lectivas: 0,30 puntos
- De máis de 300 horas lectivas: 0,40 puntos.

A formación completa en metodoloxía didáctica, aptitude pedagóxica, formador de formadores, formador ocupacional, docencia de formación profesional para o emprego, coa acreditación expedida polo organismo oficial correspondente: 0,40 puntos,

8.3.2.5. Coñecementos do idioma galego (ata 1,00 punto).

- Celga 4: 1,00 puntos.
- Celga 3: 0,75 puntos.
- Celga 2: 0,50 puntos.
- Celga 1: 0,25 puntos.

8.3.3. Proba de coñecementos, con preguntas test e preguntas curtas. Valórase ata 12,00 puntos.

Duración: 45 minutos.

Servirá para valorar os coñecementos para desempeñar o posto e abordará as seguintes temáticas:

1. Funcionamento dos programas de emprego.





2. Lexislación relacionada có funcionamento dos programas de emprego.
3. O certificado de profesionalidade da especialidade de Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardineiría. Contidos teóricos e prácticos.
4. Os módulos formativos da especialidade (colocación de pedra e xardineiría).
5. Seguridade e hixiene no traballo (referido á especialidade).

8.3.4. Proba de coñecementos de galego: Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten, antes da súa realización, estar en posesión do título Celga 4 ou equivalente. Éste exercicio será cualificado de apto ou non apto, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.

8.4. Posto de Docentes de Educación Básica :

8.4.1. Realización da entrevista persoal. Valórase ata 4,00 puntos.

Ten como finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. non será eliminatoria. Faranse públicas as puntuacións no taboleiro de anuncios da Mancomunidade de municipios da comarca de Verín e na web www.mancoverin.es.

8.4.2. Valoración de méritos. Valórase ata 10,00 puntos.

8.4.2.1. Titulación académica (con máximo de 2,00 puntos).

Valorarase estar en posesión de titulacións académicas oficiais distintas á mínima esixida para participar no proceso selectivo e sempre que sexa complementaria ou relacionada coas función a desenvolver no posto convocado. Consecuentemente, a titulación mínima unicamente se terá en consideración para determinar a admisión ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior.

- Licenciatura/Grao universitario ou equivalente: 1 punto
- Titulación Formación Profesional Superior regrada: 0,20 puntos
- Diplomatura universitaria: 0,50 puntos
- Master ata 500 horas: 0,40 puntos; máis de 500 horas: 0,50





puntos.

- Posgrao ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,40
- Doutorado: 0,75 puntos

8.4.2.2. Experiencia profesional (máximo 5,00 puntos).

- a) Experiencia en funcións docentes, en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego. 0,10 puntos por cada mes completo de traballo ata un máximo de 3,00 puntos.
- b) Experiencia en funcións docentes relacionadas coa especialidade convocada en empresas ou entidades públicas ou privadas por conta allea ou propia: 0,10 puntos por cada mes completo de traballo ata un máximo de 2,00 puntos.

8.4.2.3. Formación complementaria (máximo 2,00 puntos).

En todo caso, a formación deberá estar relacionada coas funcións que se vaian desempeñar e só se valorará a que teña unha duración igual ou superior a vinte horas lectivas. Na documentación acreditativa deberán figurar os contidos e a súa duración en horas, en caso contrario, non será obxecto de valoración. Se se acreditasen dous ou máis cursos sobre a mesma materia, soamente se computará o de nivel superior.

- De 20 a 59 horas lectivas: 0,10 puntos
- De 60 a 99 horas lectivas: 0,20 puntos.
- De 100 a 300 horas lectivas: 0,30 puntos
- De máis de 300 horas lectivas: 0,40 puntos.

8.4.2.4. Coñecementos do idioma galego (ata 1,00 punto).

- Celga 4: 1,00 puntos.
- Celga 3: 0,75 puntos.
- Celga 2: 0,50 puntos.
- Celga 1: 0,25 puntos.

8.4.3. Proba de coñecementos, con preguntas test e preguntas curtas.





Valórase ata 12,00 puntos.

Duración: 45 minutos.

Servirá para valorar os coñecementos para desempeñar o posto e abordará as seguintes temáticas:

1. Funcionamento dos programas de emprego.
2. Lexislación relacionada có funcionamento dos programas de emprego.
3. Os certificados de profesionalidade.
4. Requirimentos documentais relacionados có seguimento do alumnado nos obradoiros de emprego.
5. As labores de titoría nos obradoiros de emprego.

8.4.4. Proba de coñecementos de galego: Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten, antes da súa realización, estar en posesión do título Celga 4 ou equivalente. Éste exercicio será cualificado de apto ou non apto, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.

NOVENA. Recursos.

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Verín, 28 de setembro de 2021.

O presidente,

Asdo. José Luis Suárez Martínez





ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE E CESIÓN DE DATOS

D./Dña..... con DNI.....

DECLARO QUE:

1º. Autorizo a Mancomunidad de Verín para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro e na páxina Web da Mancomunidad de Verín, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

2º. A documentación que presento é a seguinte:

Verín,.....de.....de 2021

Asdo:





Anexo II: Modelo de declaración xurada

D./

Dna.....

....., con DNI....., **Declaro** que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administración públicas, que non estou incurso en ninguna cousa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administración públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionariado, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no proceso selectivo do Obradoiro de Emprego “Camiño de Santiago Mancomunidade de Verín” asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Verín, a de de 2021.

(Asinado polo/a interesado/a)

